



El botones de verde caqui
 Debuxo de Olivier Schwartz. Guión de Yann. Cor de Laurence Croix
Unha aventura de Spirou na Bruxelas ocupada de 1942. Magnífico debuxo cun guión de intriga.



¡Ponte recto! el pequeño Spirou
 Garabatos, Janry. Faltas de ortografía, Tome. Colorines, Stephane de Becker. Chiquilladas suplementarias, Dan. Kraken
Divertidas aventuras do fantástico e inxenuo Spirou, acompañado dos seus inseparables amigos Blancaflor, Bola de Sebo e Teleles.



Solos
 Debuxante Bruno Gazzotti. Guionista Fabien Vehlmann. Dibbuks
Da noite para a mañá, un pequeno grupo de nenos espértase nunha cidade na que o resto de habitantes desapareceron misteriosamente sen deixar rastro. A partir de aí, e como ben indica o título, terán que defenderse sos...



La trampa diabólica
 Guión e debuxo, Edgar P. Jacobs. Norma
Mortimer recibe como herdanza un estraño invento que o transporta millóns de anos antes da súa época, un pasado no que terá que loitar para sobrevivir e para salvar o seu futuro.



El corredor del laberinto
 Dirixida por Wes Ball. Protagonizada por Dylan O'Brien, Thomas Brodie-Sangster, Kaya Scodelario. 20th Century Fox
Adaptación cinematográfica do best-seller internacional de James Dashner, onde se contan as aventuras dun grupo de rapaces atrapados dentro dun labirinto e sen lembranzas do mundo exterior, que terán que enfrontarse a perigosos obstáculos para atopar a saída antes de que sexa demasiado tarde.



El hobbit: la batalla de los cinco ejércitos
 Dirixida por Peter Jackson. Protagonizada por Martin Freeman, Ian McKellen, Richard Armitage. Warner Bros
 Tamén dispoñíbel en Blu-Ray
Nesta última entrega da trilogía, a máis fabulosa batalla comeza para Bilbo e compañía. A última alianza de elfos, ananos e homes enfrontarase a un poderoso exército que planea someter a Montaña Solitaria, e toda a Terra Media, baixo o maligno poder de Sauron. Excelentes e innovadores efectos especiais e a imaxinación desbordante para rematar a adaptación da obra de J. R. R. Tolkien.



Los miserables: el fenómeno musical
 Dirixida por Tom Hopper. Universal Pictures
Ambientada na Francia do século XIX, conta a historia de Jean Valjean, un exconvicto que ao romper a súa liberdade condicional é perseguido sen piedade polo policía Javert. Os seus camiños atoparanse novamente varios anos despois cando Valjean, agora propietario, decida acoller a filla dunha traballadora. Adaptación do musical baseado na novela de Víctor Hugo.

Selección bibliográfica realizada polo persoal do Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros:

- * **Biblioteca Central Rialeda. Perillo**
- * **Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro. Santa Cruz**
- * **Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado. Mera**
- * **Biblioteca Pública Municipal M^a José Ruso. Dorneda**
- * **Biblioteca Pública Municipal Manuel María. Oleiros**
- * **Biblioteca Pública Municipal Ánxel Fole. Nós**
- * **Biblioteca Pública Municipal Xograr Mendiño. Lorbé**

Visita o noso blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com>

Síguenos en **twitter @ bibloleiros**

Páxina web municipal: www.oleiros.org

Catálogo do fondo bibliográfico: <http://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Biblioteca Central Rialeda
 Avda. Rosalía de Castro, 227A
 15172 Perillo - Oleiros
 Tel.: 981 639 511
 Fax: 981 639 996

Correo electrónico: biblioteca.rialeda@oleiros.org

Depósito Legal: C 2311-2016

Compartindo lecturas

Guía para adolescentes a partir de 12 anos



Nestas datas de alegría e agasallos, desde as Bibliotecas Municipais de Oleiros desexamos lembrar que un libro e unha película tamén son un bo regalo. Ofrecemos esta guía de lectura cunha selección de títulos que fan sorrir, emocionan e reflexionar, coa intención de que os/as adolescentes pasen momentos agradables coa lectura.

Libros e películas que hai nas bibliotecas municipais e que poden levar en préstamo para as súas casas. Animámosos a que as visiten, utilicen o servizo de préstamo e gocen coa lectura.




Libros para adolescentes a partir de 12 anos



Calvino

Carlo Frabetti. Ilustracións de Patricia Metola. Narval
Mergúllate no bosque de contos onde todo é posible ou non, personaxes que poden converterse noutros ou varios... Déixate seducir polas propostas "irracionais" deste estupendo relato.
Fabretti anunciou o tipo de historias que te podes atopar neste título, na anterior obra, Calvina. Pódense ler independentemente.




Os contos de terror do tío Montague

Chris Priestley. Sushi Books
O tío de Edgar vive nunha casa alén do bosque. Edgar está seguro de que os nenos da aldea o víxian cando pasa, pero está decidido a agochar o seu medo. O tío de Edgar fascinao cuns contos arrepiantes e que hai probas de que aconteceron de verdade.



Un hijo

Alejandro Palomas. La Galera
Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2016
Guille é un neno introvertido que sorrí continuamente e tamén é un gran lector con moita imaxinación, pero tras esta aparencia de tranquilidade agáchase unha persoa moi fráxil. Unha emotiva narración cun misterio arrepiante.




O meu pesadelo favorito

María Solar. Ilustracións de María Lires. Galaxia
Premio Lazarillo de Creación Literaria
Premio Fervenzas Literarias
ao mellor libro infantil 2015
Premio Libro do Ano na Gala do Libro Galego 2016
Manuel, o protagonista, ten febre e a doenza faino soñar. Unha repartidora de bicos nun bar onde todo o mundo di mentiras... Narración cun humor absurdo que provoca múltiples gargalladas.



El Océano Galáctico

José Luis Velasco. Bruño
Un relato de ciencia ficción no que unha familia española atopa un novo planeta tras unha viaxe a Saturno.



Los ojos de Elisha

Timothée de Fombelle. Ilustracións de François Place. Salamandra
Segundo libro que pecha a historia de Tobi Lolness, un humano diminuto que vive na copa dunha árbore xunto ao resto da súa comunidade. Desta vez ten que enfrontarse ao máis difícil dos retos: liberar os seus das mans do malvado Leo Blue e recuperar a súa amada Elisha...




Vampiratas. Demonios del océano

Justin Somper. Montena
Cando os irmáns Connor e Grace quedan orfos, deciden fuxir nun barco que naufraga nunha tormenta. Ambos serán salvados por dous barcos piratas, pero cada un descoñece a sorte do outro.



Novela xuvenil




Alas para un corazón

David Almond. Nube de tinta
A aparición dun misterioso personaxe nun garaxe cambiará a vida de Michael e a súa familia. Unha bonita historia para adolescentes e maiores.



La casa de los sueños olvidados

Heinz Delam. Edelvives
Premio Alandar de Narrativa Juvenil 2015
Fernando volverá á Bretaña francesa, onde viviu unha infancia atormentada por soños con terribles pesadelos. Que lle aconteceu?...



A casa do medo

Agustín Fernández Paz. Rodeira
Co maxistral estilo deste querido autor, conta a historia dun mozo que ten que regresar á súa vila natal despois de moitos anos. Ao volver, lembra os feitos que esquecera na adolescencia, os que ninguén crería se se chegasen a divulgar, pero que el sabe que foron reais...



El chico de las manos azules

Eliacer Cansino. Bruño
Franz chega a España fuxindo da guerra. A experiencia nunha terra descoñecida non é sempre fácil e terá que loitar todos os días para superar as dificultades.



El corredor del laberinto

James Dashner. Nocturna Ediciones
Esta novela é a primeira dunha triloxía de ciencia ficción. Este autor, con esta, leva escritas cinco sagas. O protagonismo é case exclusivo da mocidade (non hai case personaxes adultos) e un labirinto é o eixo da trama. Thomas esperta nun ascensor que o leva até o Claro, unha chaira poboada só por rapaces. Só lembra o seu nome, igual que todos eles. Nese lugar cada quen ten un papel...



Fuxe sen mirar para atrás

Luis Leante. Rodeira
Premio Edebé de Literatura Xuvenil
Cando vas a cento vinte quilómetros por hora, sen cristais porque alguén os eschachou dun tiro, vas como se te guindases en paracaídas desde a estratosfera e sen botellas de osíxeno.



Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta

Leticia Costas. Xerais
Premio Lazarillo de Creación Literaria 2015
En maio de 1884 Jules Verne chegou a Vigo e contactou con dúas mulleres nunha botica. O escritor chega á cidade porque está seguindo o rastro das misteriosas mulleres planta. Homenaxe ás novelas de aventuras.



León Kamikaze

Álvaro García Hernández. SM
Premio de Literatura Juvenil
Gran Ángular 2016
Chámome León e nunca tiven familia... Cun relato áxil e personaxes cheos de humor, narra a evolución deste heroe ata atopar o seu camiño.



El mar

Patricia García-Rojo. SM
Premio de Literatura Juvenil
Gran Ángular 2015
Rob sobreviviu a un tsunami e agora vive nun tellado, caza tesouros no seu barco feito de cortiza branca e está namorado de Lana. Nunha das súas excursións atopa unha pedra máxica que lle permite transformarse na persoa que desexe...



Memorias de Viriato

Andrés Toxeiro. Ir Indo
Viriato, unha xabril cóntanos as súas memorias nas que se mesturan a loita por sobrevivir cos seus sentimentos.



As palabras poden matar

Marcos Calveiro. Xerais
No ambiente opresivo da colonia Seavia, onde os seus habitantes viven rodeados do medo, a inxustiza e a violencia, aparece un personaxe que cambiará a vida dos seus habitantes. Quizá poida xurdir un raio, aínda que pálido, de esperanza...



La partitura

Mónica Rodríguez. Edelvives
Premio Alandar de Narrativa Juvenil 2016
A Marta chégalle de forma accidental o diario, unha carta e unha partitura dun compositor. Isto sérvelle para coñecer a vida atormentada dun músico e a súa relación coa súa alumna máis brillante...



Placebo

Jaureguizar. Xerais
Despois dun terrible accidente, Roi debe comezar a lembrar quen é e como é a súa vida. Todo o que foi esquecido debe recuperarse, incluso o desagradable. A súa muller vai axudalo a recompoñer a memoria.



Trala liña do horizonte

Antonio García Teijeiro. Tambre
A guerra vista por un neno con múltiples episodios tráxicos e á vez de fonda tenrura.

Xa non estou aquí

Iria Misa. Xerais
Premio Jules Verne de Literatura Xuvenil 2016
Ánxela repite 1º de bacharelato obrigada polos seus pais. A súa vida sofre un cambio cando coincide con María, que a seduce para integrala nos Murnios, un grupo de costumes diferentes ao resto de compañeiros e compañeiras...